



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 18 DE XULLO DE 2013**

### **LICENZAS**

**LIC/1151/2011.- RUBEN SEARA ESCUDERO.-** Conceder licenza de construción de vivenda na rúa de San Lourenzo, 57.

**LIC/699/2013.- MANUEL MARTINEZ LADO.-** Conceder licenza para execución de dúas ramplas de acceso á vivenda unifamiliar e modificación do peche da finca na rúa de Muros, 128.

**LIC/822/2013.- CONSTRUCCIONES Y REFORMAS FAGARI.-** Conceder licenza para adecuación funcional de edificio en rúa de Boiro, 10

### **DEVOLUCIÓNS DE FIANZA**

**LIC/930/2013.- A NAVE DE VIDÁN.....LIC/2317/2010 ..... 1.500 €**

**LIC/931/2013.- A NAVE DE VIDÁN.....LAP/190/2010 ..... 3.000 €**

**LIC/933/2013.- FUNDACION FORMACIÓN E EMPREGO DE GALICIA.....LIC/1774/2008  
..... 38.792,85 €**

**LIC/942/2013.- HROS. DE JOSÉ ESPASANDIN SUAREZ CB.....LIC/497/2004 ..... 7.000 €**

**LIC/490/2013.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.....LIC/996/2011 ..... 1.000 €**

**4.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmoebles.**

Apróbanse os devanditos beneficios fiscais.

**28.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á corrección de erros no acordo nº 22 de data 11.04.2013.**

Corríxense os erros.

**29.- Proposta do concelleiro delegado de Festas relativa á aprobación do programa das Festas do Apóstolo.**

Apróbase o programa que xa está na páxina web e que se distribuirá nos puntos habituais e xa empezaremos a ver anuncios da programación nos MUPIS e outros soportes.

**30.- Indemnización substitutiva e recoñecemento de débeda por prestación de servizos de limpeza, conserxería e control das instalacións dos centros públicos de educación infantil e primaria dependentes do Concello no mes de maio de 2013.**

A XGL aprobou a indemnización substitutiva polos servizos prestados pola empresa SERMASA en concepto de limpeza, conserxería e control das instalacións dos centros públicos de educación infantil e primaria dependentes do Concello no mes de maio de 2013 por un importe de 90.723,06 €.

**31.- Indemnización substitutiva e recoñecemento de débeda por prestación de servizos de xestión da escola de música do 5 ao 30 de abril e mes de maio de 2013.**

A XGL aprobou a indemnización substitutiva polos servizos prestados pola empresa TROBEIRO S.L. en concepto de prestación do servizo de xestión da Escola de Música por un importe de 38.115,98 €.

**32.- Proposta da concelleira delegada de Xuventude relativa á autorización para a realización dos concertos Emerxentes 2013.**

A proposta da concelleira de Xuventude, a XGL aprobou a realización dos concertos EMERXENTES 2013. Mediante esta acción preténdese dar visibilidade ao traballo dos novos grupos emerxentes de música da cidade como: Clubs Rock, Horta de Grelos, Crying Wolves, Vicky Polard, Roberto Sobrado e Hellorice. O custe desta acción é de 2.417,58 €.

**33.- Aprobación de Proxecto de Reurbanización da rúa Caramoniña e do espazo libre do equipamento ASD\_26.**

A XGL aprobou o proxecto de reurbanización da rúa Caramoniña e do espazo libre do equipamento ASD-26. Esta actuación ten un orzamento de 273.652,07 € IVE aparte. O prazo de execución estímase en 5 meses. Esta obra encádrase dentro da área temática nº 7 de accesibilidade e mobilidade do Programa URBANA NORTE.

**34.- Rexeitamento da solicitude de desconsignación da parcela 15 do proxecto de expropiacións SUNP-12 (Lamas de Abade).**

A XGL aprobou rexeitar esta solicitude xa que, á vista dos informes do Departamento de Urbanismo, Sección de Expropiacións, a finca pertencía a unha comunidade hereditaria, por tanto, de carácter xermánico, sen que se teña producido a súa partición e adxudicación que non é competencia desta Administración e por tanto non pode determinar os dereitos de cada comuneiro.

**35.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais para dar conta do aboamento de subvención para Intervención Sociocomunitaria.**

Deuse conta á XGL de que a Deputación da Coruña achega unha subvención para a Concellaría de Servizos Sociais para a intervención sociocomunitaria por un importe de 45.000 €.

**URXENCIAS**

- 1.- Apróbase a modificación orzamentaria para levar a cabo a actividade sancionadora de medio ambiente.
- 2.- Apróbase a modificación orzamentaria destinada ao SUNP-11 (1.194.446,64 euros).
- 3.- Apróbase a adaptación da Relación de Postos de Traballo ao decreto da Concellaría de Facenda de 12 de xuño de 2013.
- 4.- Apróbase o convenio para a realización do congreso BioSpain 2014.